

Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia (II)

Coordinador: Jesús A. Sánchez García

Descrición dos materiais producidos

Dacordo cos obxectivos xerais propostos de mellorar e ampliar os contidos da páxina web do Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia (www.usc.es/observa), os materiais producidos no proxecto de innovación educativa desenvolvido neste curso 2004-2005 consistiron en:

A. Mellora dos contidos existentes na primeira versión do Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia.

- Ampliación da sección de *Noticias* coas correspondentes aos anos 2003 e 2004
- Revisión e incorporación de novas ligazóns na sección de *Enlaces*
- Revisión e corrección de erros na sección de *BICs* (listado de Bens de Interese Cultural de Galicia)
- Mellora da interactividade na sección *Contacta con nós*

B. Incorporación de novos contidos ao Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia. Todos eles procedentes dos traballos de curso dos alumnos das diferentes asignaturas implicadas no proxecto.

- Sección *Descubrir o Patrimonio*. Incorporación, no apartado de Estudos, de fichas descritivas e imaxes sobre pezas e restos da arte gótica existentes na cidade de Santiago de Compostela. En total foron seis traballos seleccionados pola súa calidade entre os presentados polos alumnos dentro da asignatura “Arte medieval, II” da Licenciatura de Historia da Arte.

- Sección *Museos*. Incorporación de textos e imaxes dos principais museos, centros de arte e fundacións adicadas a arte de Galicia. En total foron vintenove traballos, consistentes en análises dos fondos, bibliotecas e arquivos destes museos e centros expositivos, elaborados polos alumnos da asignatura “Fontes para a arte contemporánea, II” da Licenciatura de Historia da Arte.

- Sección *Patrimonio en perigo*. Incorporación de fichas descritivas e imaxes de bens do patrimonio cultural de Galicia que se atopan en mal estado de conservación ou perigo de desaparición. En total foron engadidos nove traballos, escollidos dos presentados polos alumnos da asignatura “Conservación de Bens Culturais” da Licenciatura de Historia da Arte.

- Sección *Arquivos*. Incorporación de guías de arquivos dos principais centros de documentación galegos. En total foron insertadas doce guías de arquivos, consistentes nunha descripción xeral dos fondos e os datos básicos de cada arquivo, seleccionadas entre os traballos presentados na asignatura “Arquívica Xeral” da Licenciatura de Historia.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Tarefa realizada por Jesús A. Sánchez García, Coordinador
 - Ampliación de contidos nas seccións de *Noticias e Enlaces*
 - Revisión e corrección do listado dos *BICs* de Galicia
 - Revisión xeral dos formatos e navegabilidade da páxina web
 - Dirección e selección dos traballos de curso sobre *Patrimonio en perigo* (asignatura “Conservación de Bens Culturais”)
- Tarefa realizada por David Chao Castro
 - Dirección e selección dos traballos de curso sobre *Museos e centros de arte* (asignatura “Fontes para a historia da arte, II”)
- Tarefa realizada por Rocío Sánchez Ameijeiras
 - Dirección e selección dos traballos de curso sobre arte gótica en Santiago, na sección *Descubrir o patrimonio-Estudios* (asignatura “Arte Medieval, II”)
- Tarefa realizada por José Luís Senra Gabriel y Galán
 - Dirección e selección dos traballos sobre os principais monumentos medievais dos Camiños de Santiago (asignatura “Arquitectura románica”)
- Tarefa realizada por Ana Isabel Suárez González
 - Dirección e selección dos traballos de curso sobre *Arquivos* (asignatura “Arquivística xeral”)
- Tarefa realizada por Julio Vázquez Castro
 - Dirección e selección dos traballos sobre os principais monumentos medievais dos Camiños de Santiago (asignatura “Arte Española, I”)

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro: revisión, mellora e ampliación dos contidos xa existentes na páxina web do Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia como ferramenta complementaria para a docencia dos alumnos das licenciaturas de historia da arte e historia. Cumprimento: 100%
- Obxectivo segundo: Integración dos traballos prácticos desenvoltos como actividades academicamente dirixidas, créditos non presenciais, das diferentes asignaturas implicadas no proxecto, favorecendo novas dinámicas de aprendizaxe e a concienciación sobre os problemas da conservación do patrimonio. Estando pendente a integración dos traballos de dúas asignaturas, das sete implicadas, o grao de cumprimento no foi aquí completo. Cumprimento: 80%,
- Obxectivo terceiro: Potenciar unha nova posibilidade de participación dos alumnos na dinámica docente e fomentar o traballo en grupo e a reflexión sobre as aportacións reunidas por todos os compañeiros. Cumprimento: 100%

Grado de cumprimento do plan de traballo

No que se refire ao plan de traballo previsto, como se indicaba na proposta, este viría dado polo desenvolvemento do curso académico, procedéndose a parte fundamental de realización dos traballos de curso que integrarían os novos contidos do Observatorio seguindo o ritmo de cada cuatrimestre.

Neste sentido, unha vez aprobado o proxecto e aceptada a financiación, nos meses de decembro e xaneiro tiveron lugar varias reunións de coordinación dos profesores implicados, co gallo de planificar os respectivos traballos e contidos a cubrir.

No remate do primeiro cuatrimestre foron realizados, expostos en clase, entregados e seleccionados os traballos correspondentes a asignatura “Arte Medieval, II”

Desde o mes de maio o bolseiro adscrito o proxecto deu comenzo á revisión e corrección de erros na versión da páxina web xa existente do Observatorio.

No remate do segundo cuatrimestre foron entregados os traballos do resto das asignaturas: “Conservación de Bens Culturais”, “Fontes para a historia da arte, II”, “Arquitectura Románica”, “Arquivística Xeral” e “Arte Española, I”. Todos eles foron expostos e comentados en clase, procedéndose por cada profesor á selección dos mellor elaborados para poder ser incluídos na ampliación de contidos do Observatorio. Unicamente produciuse unha demora na entrega e selección dos traballos das asignaturas “Arquitectura Románica” e “Arte Española, I”, co cal aínda está pendente a súa inclusión na páxina web.

O longo dos meses de xullo e agosto procedeuse a elaboración e incorporación dos novos contidos da páxina web, a partires da selección dos traballos de curso seleccionados. Este fase do plan de traballo, pola complexidade de revisar e comprobar a correcta situación de tódolos contidos, demorouse ata o mes de setembro, coa previsión de que antes de que remate o mes poda colgarse a versión definitiva da páxina web, xa con todos os contidos previstos.

En conclusión, o grado de cumprimento do plan de traballo foi practicamente total, de xeito que para cando estas liñas vexan a luz xa estará operativa a nova versión do Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia

Valoración da experiencia

A valoración dos resultados acadados co proxecto de innovación educativa desenvolto foi en liñas xerais moi boa.

No apartado de revisión, mellora e ampliación de contidos da páxina web cumpríronse en moi alto grado os obxectivos fixados, co cal pódese considerar que a utilidade para os alumnos desta ferramenta incrementouse notablemente. De feito, a seccións xa existentes como a de lexislación, que por primeira vez ofreceu en internet a lexislación básica do patrimonio cultural de Galicia, engadíronse outras non menos interesantes como o directorio de museos e as guías de arquivo. Con todo elo a páxina web do Observatorio Virtual do Patrimonio de Galicia suministra informacións básicas sobre a realidade e diferentes vertentes do noso patrimonio cultural: desde os bens histórico-artísticos, os museos e centros de arte, pasando polos arquivos.

En canto a experiencia do traballo cos alumnos, cabe dicir que foi moi satisfactoria xa que en tódalas asignaturas implicadas acadouse un alto nivel de participación e motivación. A calidade media dos traballos presentados foi notable, aínda que por razóns de espacio e operatividade foi necesario proceder a unha selección dos traballos máis interesantes.

Finalmente, o tratarse dunha páxina web de acceso público, non restrinxida ó ámbito académico, compre salientar o interese e utilidade de poñer a disposición da sociedade os resultados duns traballos que desde o mundo universitario aspiran a divulgar o patrimonio cultural de Galicia e sobre todo crear conciencia sobre a importancia da súa conservación e protección.